

Suplemento  
realizado  
por **ADEGA**



Quinta feira,  
12 de abril  
de 2018  
Número 15

Caderno de  
análise sobre  
ecoloxismo  
e o ambiente  
en Galiza.  
Coordinación:  
Manuel Soto  
Castiñeira

O século XX saldouse na Galiza con decenas de solos contaminados por minas e industrias abandonadas. O Porriño (Baixo Miño), a Ría do Burgo (A Coruña) e a mina de Touro foron clasificados como os tres enclaves de maior gravidade nos plans de residuos industriais e perigosos de 1995. En todos os casos, o problema segue sen resolverse. En Touro, a empresa abandonou a actividade en 1986 deixando sen restaurar os terreos e as augas subterráneas e superficiais altamente contaminadas, situación que continúa hoxe, cando se pretende reabrir e ampliar a mina. Unha mina a ceo aberto e que ocuparía sete millóns de metros cadrados: beneficio para Atalaya Mining, unha multinacional con tres patas, en Singapur, China e nos Estados Unidos; máis contaminación para as augas e para a riqueza pesqueira e marisqueira do Ulla e da ría de Arousa; e múltiples riscos para a poboación local. >>>>> **2-5 e 8**



Xan Louzao

## Reabrir a mina de Touro? Sentenza de morte para o Ulla

Colaboracións: Xan Louzao, Fins Eirexas, Ramsés Pérez, Belén Rodríguez.



Entrevista a Xosé A. Puga Moruja, veciño da parroquia de Loxo, en Touro, unha das máis afectadas polo proxecto mineiro. >>> 8

# Reabrir a mina, solución aos actuais

## Tres décadas de contaminación continua que nunca

En 1973 comezou a explotación da mina de Touro pola empresa Río Tinto, que continuou até 1986. Abandonada a actividade, os terreos ficaron sen restaurar, contaminando fortemente as augas subterráneas e superficiais. A partir do ano 2000, a mina utilizouse como depósito de enormes cantidades de residuos, aparecendo entón a contaminación do aire polos fortes cheiros xerados. ADEGA denunciou reiteradamente desde comezos da década de 1990 a contaminación no contorno da mina, con análíticas sucesivas das augas dos ríos, a última delas de decembro de 2017. Van aló máis de tres décadas de contaminación continua que nunca tiveron unha resposta por parte da Administración. Imos aturar que se volva abrir a mina para agravar esta situación?

**Xan Louzao**

**H**ai que remontarse aos anos 50 do século pasado para falar da mina, cando se fixo a primeira concesión á empresa San Rafael para a explotación de mineral de pirita de ferro nos concellos de Touro e O Pino. A principios dos anos 70 cambiou a concesión de pirita a cobre, outorgándose esta concesión por un período de noventa anos até 2068.

No ano 1973 comezou a explotación da mina pola empresa Río Tinto, que continuou até 1986, momento no cal a empresa abandonou a actividade deixando sen restaurar os terreos, coas cortas abertas e o material estéril en entulleiras, e coas augas subterráneas e superficiais altamente contaminadas. A contaminación cebouse especialmente na zona oeste, por onde discorre o río Brandelos (tributario do Ulla), afectado gravemente desde o inicio da actividade mineira.

Río Tinto vendeu en 1993 tanto os terreos como a concesión mineira á empresa Explotaciones Gallegas, S.L. Esta compañía non vai utilizar os terreos para continuar coa actividade mineira, senón para a extracción de áridos, e para construír as instalacións para a súa actividade principal, que é a obra viaria.

### Unha restauración que non foi tal

A principios da década dos 2000 apareceu un proxecto experimental de reforestación e restauración dos terreos mineiros elaborado polo departamento de edafoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC). Este proxecto consistía basicamente na plantación de eucaliptos nas zonas menos afectadas pola antiga explotación, aquelas que non foran obxecto de explotación, e na utilización de diferentes residuos para crear solos artificiais (tecnosolos) nos terreos das entulleiras e nas cortas. Vertéronse residuos como cinzas da caldeira de biomasa de Ence, lodos de depuradoras, cascas de mexillón ou restos vexetais, entre outros.



En base a este proxecto, creouse dentro do recinto mineiro a empresa Tratamentos Ecolóxicos do Noroeste (TEN) cuxa finalidade é a xestión de todos estes residuos para convertelos parte en compost e o resto en tecnosolos. O funcionamento foi desde o primeiro momento fonte de problemas, por ser máis unha empresa adicada a eliminar residuos por diferentes zonas en vez de recuperalos.

O depósito de enormes cantidades deses residuos converte á mina nun macrovertedoiro, aparecendo unha nova contaminación: a contaminación do aire pola pestilencia que estes residuos desprenden, alcanzando as aldeas da contorna en función da dirección do vento, e os lixiviados que derivaban da acumulación destes re-

siduos, especialmente acentuados en épocas de choiva.

### A contaminación que non cesa

ADEGA presentou no ano 2005 unha denuncia solicitando a paralización da actividade desta empresa polos graves problemas que estaba a xerar, pola pestilencia provocada, a proliferación de insectos e os lixiviados que ían parar aos regatos e ríos.

Ese suposto proxecto de restauración, ademais de crear novos problemas ambientais, tampouco resolveu o máis grave, a contaminación das augas. Para demostralo temos os resultados da analítica das augas de dous regatos que pasan pola zona leste e sur da mina (Portapego e Pucheiras), en mostradas tomadas no mes de decembro de

Xan Louzao é membro da xunta directiva de ADEGA e da plataforma Mina Touro O Pino Non.

**Nos últimos anos, e na actualidade, moitos ríos e regatos seguen véndose fortemente afectados pola contaminación da mina. Nas imaxes principais, o río Portapego chegando ao Lañas.** Fotos: Xan Louzao.

# problemas de contaminación?

## tiveron resposta por parte da Administración



2017 por ADEGA. Os resultados indican que os metais tóxicos superan todos os límites, e iso coa mina parada. Ambos regatos amosan unha importante carga de metais pesados que lixivian desde os residuos e entullos da mina.

No Pucheiras, o cobre supera en seis veces a media anual fixada nas NCA (Normas de Calidade Ambiental, Real Decreto 817/2015). O Portapego amosa un pH hiperácido, cunha acidez mil veces máis alta que a máxima recomendada para as augas de consumo, e unha carga de níquel case catro veces por riba da media anual establecida nas NCA. Outros metais en concentracións elevadas son o cinc, o aluminio, o manganeso e o ferro.

Esta contaminación traslada os seus efectos ao río Ulla. Así o de-

mostrou un estudo publicado recentemente na revista *Environmental Pollution* por investigadores e investigadoras da UVigo, o IIM-CSIC e a U. de Swansea. Este estudo amosou que analizando os metais pesados nas escamas dos salmóns capturados no Ulla, pódese medir o impacto da mina de Touro no que respecta á contaminación de cobre e o seu efecto nas poboacións de salmón. Os resultados indican claramente que as verteduras da mina a ceo aberto de Touro causaron unha re-

dución significativa do crecemento e supervivencia do salmón do Ulla e un descenso na súa abundancia durante os anos 80, polo que a súa nova apertura agravaría aínda máis a situación do salmón neste río, ao límite da extinción.

Estas tres décadas de contaminación continua nunca tiveron unha resposta por parte da administración, pese a súa gravidade e as continuas denuncias que se fixeron da mesma. No parlamento español denunciouse xa no ano 1998 o depósito de resi-

duos sen control e solicitouse que se incluíran estes terreos no proxecto de restauración de solos contaminados por actividades mineiras que se estaba levando a cabo.

O mesmo fixeron reiteradamente no Parlamento galego e no concello de Touro, onde foi tema recorrente, pero nunca houbo por parte do grupo de goberno a intención decidida de poñerse a fronte e obrigar á empresa a buscar unha solución.

### **Nova mina, novas promesas falsas**

Cando levamos trinta anos soporndo o tóxico legado dunha mina a ceo aberto aparece o novo proxecto para retomar a concesión e volver á súa explotación. Sorprendentemente, preséntase como a solución que non foron quen de dar nestas tres décadas. Hai que ser persoa moi incauta para crer que se vai resolver o problema xerado por unha mina con outra mina de maior dimensión.

Para mostra de que isto non vai suceder abonda a documentación do propio proxecto actual: nel "esquecéronse" de incluír como terreos e augas a recuperar dous dos regatos cunha afectación ambiental moi severa consecuencia da mina anterior: a balsa de Angumil e o Río Portapego.

**As verteduras seguen afectando á calidade do Ulla até a súa desembocadura. Nas imaxes verticais, regato Pucheiras en Arinteiro e rego Angumil, que drena da balsa de estériles da antiga mina.**

# Touro: unha nova mina que parte o concello de norte a sur

Máis que dunha reapertura da mina antiga, trátase dunha nova mina, xa que o 70% dos terreos que vai ocupar son agrícolas e forestais non afectados pola antiga mina. A empresa manifestou reiteradamente que extraerá cobre en toda a extensión que ten concedida até o ano 2068, que abarca máis de 2.000 hectáreas (vinte quilómetros cadrados). Isto partiría literalmente o concello de Touro de norte a sur en dous. E a isto súmanse as exploracións que seguen facendo en novas zonas adxacentes á actual, polos concellos de Boqueixón, Vedra e Compostela, nunha extensión de 120 quilómetros cadrados. A oposición veciñal á mina foi medrando segundo se foron coñecendo os pormenores do proxecto e o comportamento das empresas que a promoven noutras minas en explotación.

## Xan Louzao

En agosto do pasado ano, Explotaciones Gallegas, S.L., actual concesionaria da explotación en Touro, xunto con outra empresa multinacional, Atalaya Mining, solicitaron a reapertura da explotación baixo o nome comercial de Cobre San Rafael S.L. Esta empresa está participada nun 20% por Atalaya e nun 80% por Explotaciones Gallegas. De conseguir todos os permisos para reabrir a mina, teñen acordado que Atalaya compre o 80% de cobre San Rafael, e posteriormente a totalidade, a cambio de 12,5 millóns de euros a pagar a Explotaciones Gallegas. En consecuencia sería Atalaya Mining a propietaria e explotadora do xacemento, unha multinacional con sede en Chipre que ten como principais accionistas a Trafigura (22%), con orixe en Singapur e unha das maiores multinacionais comercializadoras de metais, a Yanggu Xiangguang Cooper (22%), chinesa, a Orion Finance (14%) e a Liberty Metals & Mining (14%), as dúas últimas dos Estados Unidos.

Estamos a falar de minaría a ceo aberto e dun proxecto dunha dimensión enorme. Nesta primeira fase ocuparía 689 hectáreas, 489 das cales son terreos agrícolas e forestais, nun período temporal de dezaseis anos e medio no que se prevé remover 267 millóns de toneladas de material, a razón de 56.000 toneladas o día, 24 horas e 365 días o ano, de xeito ininterrompido, para obter 356.000 toneladas de cobre. Extraerán todo este mineral nas dez cortas previstas me-

diantes voaduras diarias que empregarán entre 9.000 e 16.000 quilos de explosivos cada unha.

Para obter o mineral é necesario triturar e moer toda a rocha. Posteriormente, mediante a aportación de auga e de reactivos químicos sepárase por flotación o cobre do material estéril. Este material estéril –mestura de auga, reactivos químicos e po de rocha– será depositado nunha gran balsa de lodos, construída a tal fin en terreos agrarios, que será empregada nos primeiros seis anos de explotación.

Esta balsa suporá unha auténtica bomba de relojería para as aldeas de Arinteiro e Os Torreis (Loxo). Estará a menos de 200 metros das casas, cun talude de 81 metros de altura (76 m sobre a rasante desta aldea), un perímetro de 3,1 quilómetros de lonxitude e que ocuparía unha extensión de 90 hectáreas (126 se incluímos os taludes) con risco alto de rotura recoñecido no propio proxecto. O material acumulado, 34 millóns de toneladas, é altamente contaminante provocando acidez nas augas, con alta concentración de metais pesados moi prexudiciais para a saúde, canceríxenos moitos deles. Como única medida de seguridade contéplase que esta balsa será impermeabilizada con un xeotéxtil e plástico de un milímetro e medio de grosor.

A partir do sétimo ano, cando esta balsa estea completa, os lodos depositaranse noutra adxacente á anterior, e na que se prevé depositar 69 millóns de toneladas. En total, máis de cen millóns de toneladas de lodos tóxicos, provocadores de vertidos

ácidos da mina, que lixiviarán á cunca do Ulla e condenando a aldea de Arinteiro a súa práctica desaparición.

## Os impactos sobre a auga

Outro elemento definitorio deste tipo de minería é o consumo de enormes cantidades de auga. No proxecto non se clarifica de onde van sacar a auga. A empresa propietaria actual, Explotaciones Gallegas, ten a súa captación no mesmo lugar que o concello, o que

xa provocou no verán pasado un problema de escaseza puntual ao coincidir unha avaría co enchido do depósito da compañía. É máis que probable que este problema se repita de forma moito máis grave, dada a elevada demanda de auga deste proxecto tanto en inverno como en verán.

Pola contra, máis de vinte mananciais que subministran auga a varias aldeas e aos propios concellos de Touro e O Pino quedarán sepultados





polas entulleiras. Xunto ao problema do consumo de auga aparece a súa contaminación, tanto polo proceso de lavado do mineral como pola choiva que, ao entrar en contacto coas rochas sulfurosas, provoca a súa acidificación, baixada de pH e mobilización de metais pesados. No proxecto non din como van depurar toda a auga que entre en contacto co mineral nas épocas de choiva.

#### As voaduras

As vibracións e ruídos que provocan as voaduras, día e noite, van causar impactos severos nos inmobles máis próximos e posibelmente na propia produtividade leiteira das granxas, polo estrés ao que estará sometido o gando.

O po en suspensión derivado das voaduras e do movemento dos millóns de toneladas é outro elemento negativo que se deixará sentir tanto na saúde da poboación como na disminu-

### A AMEAZA PARA AS AUGAS DE CONSUMO DOMÉSTICO E PARA A RIQUEZA DA RÍA DE AROUSA ESTENDEU O REXEITAMENTO Á MINA

ción da produción de horta, froita, viño, entre outras.

#### O impacto económico

Este proxecto *véndese* como unha oportunidade para dinamizar a economía local e como freo ao despoamento e desemprego que sofren estes concellos. Por experiencia sabemos que se sobredimensiona o emprego real que se crea. De feito, segundo se mire un ou outro documento, hai unha diferenza de cen postos de traballo a crear, o que nos dá unha idea do rigor das cifras que usan.

Do que non dan conta é do emprego que destruírán na actividade agrogandeira. Moitas explotacións veranse prexudicadas pola perda de base territorial, o descenso da produción, ou mesmo o peche. Freará outros proxectos en expansión e haberá unha desvalorización das terras e dos inmobles na contorna. Cunha mina en explotación

e coa ameaza da súa expansión por outras partes do concello, ninguén se vai arriscar a facer investimentos nin na gandería nin nas empresas de transformación agraria xa existentes.

#### Rexeitamento social

Esta minería propia do século XIX, espallar un recurso e deixar pouco máis que os danos, xerou un forte rexeitamento social. Oposición que foi medrando segundo se foron coñecendo os pormenores do proxecto e o comportamento das empresas noutras minas similares que posúe, con denuncias por incumprimento das condicións, e pola propia traxectoria dos socios maioritarios, que dista de ser exemplar. O rexeitamento vaise estendendo pola maioría dos concellos da cunca do Ulla, independentemente da cor política dos concellos, sexa pola ameaza que supón para as augas de consumo doméstico como para a riqueza piscícola e marisqueira da ría de Arousa. Mais de momento, os dous gobernos locais de Touro e O Pino, ambos do PP, seguen entusiastas con esta nova explotación.

**As entulleiras e balsas de estériles (imaxe superior: corte transversal da balsa de estériles da antiga mina) seguen sendo a realidade dominante da antiga mina, xerando contaminación á que vén sumarse o uso da zona mineira como vertedoiro de residuos (imaxe da esquerda) nas dúas últimas décadas.**

Fotos: Xan Louzao



### — Eliminación de flora exótica invasora en Fisterra

O sábado 7 de abril de 2018 desenvolveuse esta acción de voluntariado ambiental para continuar coa loita contra as especies invasoras nas microrreservas de Fisterra.



### — Custodiando o Sobreiral do Arnego

ADEGA está a desenvolver este proxecto na parcela A Zarra da Pena e na contorna do río Arnego, para o que conta cunha axuda da Fundación Biodiversidad. O proxecto continúa o traballo realizado por ADEGA en 2016. Na presente edición, realizaranse inventariados de flora e fauna, recuperación de elementos naturais e etnográficos, así como actividades de voluntariado ambiental. Na imaxe, unha xornada dedicada á construción e instalación de refuxios para fauna, nomeadamente morcegos.

# Actualidade ambiental en imaxes



### — Campaña de primavera do Proxecto Ríos

O 15 de abril comezará a campaña de primavera do Proxecto Ríos, que se estenderá até o 1 de xuño. Durante este período, o voluntariado participante sairá aos ríos a realizar as súas inspeccións. O resultado sairá no Informe Anual do Estado de Saúde dos Ríos Galegos. Haberá tamén un curso de formación, saídas formativas, encontros de voluntariado, roteiros, etc... Para participar, pódese contactar coa coordinación do Proxecto Ríos: [info@proxectorios.org](mailto:info@proxectorios.org).



### — Compostaxe en Allariz

Retomando o traballo de concienciación e sensibilización en Allariz. Agora coa subvención PIMA do Ministerio, estamos facendo visitas aos composteiros familiares, casa por casa, e reunións coa veciñanza das parroquias para acadar unha mellora na separación selectiva.



### — Roteiro aos Ancares-Navia

Percorremos fermosas paisaxes polo concello de Navia de Suarna e gozamos dos seus destacados valores biolóxicos, e duns elementos etnográficos moi representativos desta zona. Trátase das alvarizas ou cortíns, construcións de pedra destinadas á protección das colmeas (trobos) fronte ao ataque dos animais, principalmente osos. Partimos da confluencia do río Rao co Navia (300 m de altitude) e avanzamos polos camiños empregados no pasado polos carros, visitando aldeas deshabitadas de Envernallúas e de Muruás. Seguimos por Prebello, Asar e Meda, para chegarmos ao punto de destino: Rao, xa a 600 metros.

ADEGA traballa arreo na defensa ecolóxica de Galiza, como podes ollar neste breve resumo das últimas semanas. Non fiques parada: súmate á defensa ecolóxica de Galiza, visita a nosa web ([www.adega.gal](http://www.adega.gal)) e participa nos grupos activos ou faite socio/o.

**Imaxes:** arquivo ADEGA, Ramsés Pérez, Belén Rodríguez.



### — As hipotecas ambientais da mina de Touro: enxurrada de metais tóxicos baixan polo Ulla cara á ría

Vimos de coñecer os resultados das análises das augas dos ríos Portapego e Pucheiras que drenan a antiga mina de Touro, e que foron encargadas por ADEGA o pasado mes de decembro de 2017. Os resultados indican que os metais tóxicos superan todos os límites, e iso coa mina parada. Os regatos Pucheiras, e Portapego amosan unha importante carga de metais pesados que lixivian desde os residuos en entullo da mina. Máis información en [www.adega.gal](http://www.adega.gal)



### — Demoledor informe de Agricultura contra a mina de Erimsa en Mesía: a que agarda Industria para rexeitar o proxecto?

Oito meses despois da emisión por parte de Medio Rural do informe preceptivo sobre o proxecto de mina de seixo en Mesía, e tras reiteradas peticións desde o Parlamento por parte do grupo do BNG, vimos de coñecer o contido deste informe. As conclusións son rotundas e demoledoras: “esta Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias non pode por máis que pronunciarse en contra do proxecto sinalado, ao considerar que os importantes efectos negativos que se causarían sobre a produción agrogandeira da zona, afectarían grandemente aos concellos de Mesía e Frades, por ser esta un piar fundamental da súa actividade económica, social e cultural, manténdose a dita afectación negativa no tempo tras o remate das actuacións. É por iso que rexeitamos o proxecto con rotundidade, e recomendamos que non se permita a realización dos traballos referidos”. Nese sentido, ADEGA demanda da D. X. de Enerxía e Minas que denegue o proxecto de explotación de seixo de Erimsa para a concesión *Xanceda 7138* e similares, nos concellos de Mesía e Frades.



### — Os campionatos de caza de raposo: un absurdo e cruento anacronismo

Xa hai trece anos que comezaron en Galiza os campionatos do raposo. Nos meses de xaneiro e febreiro celebráronse os provinciais, o galego e mesmo a IX Copa España de Caza de Raposo, precisamente en montes de Cotobade (que sufriron a vaga de lumes de outubro), Cerdedo e Forcarei. Premian a cuadrilla que logra matar o maior número de raposos. Os argumentos para defender esta matanza indiscriminada, referidos á falsa idea de preservar a poboación de caza menor, carecen de sentido e non están avalados por datos científicos fidedignos. Pola contra, existe unha extensa bibliografía de estudos a nivel mundial que demostran non logran reducir as poboacións a longo prazo, se ese fose o obxectivo real. Os estudos destacan que a eliminación de raposos non consegue recuperar poboacións como a de coello ou perdiz.



### — Xornadas “Enerxía e Clima” Exposición sobre o cambio climático

Os pasados 20 e 21 de marzo celebráronse en Lugo as Xornadas sobre Enerxía e Clima, organizadas pola Deputación de Lugo. En diversas palestras, abordamos as consecuencias da mudanza climática no noso país, a contribución das fontes de enerxía e as súas emisións de gases, e sobre como afrontarmos a crise enerxética. O simposio complementouse cunha exposición sobre a mudanza climática nos corredores do Pazo de San Marcos. No decurso destas xornadas tratamos tamén aspectos máis concretos como o modelo enerxético galego, a factura eléctrica, as medidas de aforro e eficiencia nos fogares, un roteiro vespertino pola cidade para avaliar a contaminación lumínica, unha visita á unha vivenda bioclimática e ao parque eólico experimental de Sotavento en Xermade e o apagado do alumeadado da praza de San Marcos de Lugo, con motivo da Hora do Planeta.

## «Sempre nos opuxemos a que se convertera nun macrovertedoiro»

**Xosé A. Puga Moruja** é veciño de Loxo (Touro), unha das parroquias máis afectadas polo proxecto mineiro. Afirmo que a mina sempre foi un problema, causando fendas nas casas e contaminación nos ríos, até converterse nun vertedoiro de residuos. Como concelleiro do BNG en Touro, entre os anos 1999 e 2011, puido constatar a impotencia do concello para resolver o problema. Falamos con el sobre como lembra a época da mina e a que veu despois do seu peche.

**Xan Louzao**

**Que recordos tes da anterior mina?**

Pois acórdome das fendas que as voaduras causaron na casa de meus pais, tamén de que moitas casas da parroquia tiveron que reforzar as estruturas, de ter que ir retirar as pedras que caían nas leiras despois das explosións, de 30 quilómetros de ríos mortos, de prados queimados polas augas hiperácidas que viñan da mina na zona do río Brandellos. E de 230 despedidos improcedentes.

**Non é unha herdanza moi positiva.**

Non, desde logo. E houbo unha etapa posterior á mina que non foi mellor. Cando Río Tinto abandonou a explotación, ofreceulle os terreos gratis aos concellos de Touro e O Pino. Estes non se atreveron a adquirilos, supoño que polo problema ambiental que arrastraban, e foi Explotaciones Gallegas quen se fixo con eles, non sei se gratis ou non. Tampouco sei que pasou coa fianza que Río Tinto tiña depositada. Falábase de 300 millóns de pesetas (1,8 millóns de euros) dos cales nunca máis se soubo.

Unha das primeiras actuacións da nova empresa foi eliminar as poucas medidas anticontaminación que existían. Achandou a balsa perimetral e retirou unhas bombas de retorno na zona leste da mina que evitaban que as augas contaminadas drenasen cara aos regatos. Como consecuencia, dous novos regatos, Portapego e Angumil, aparecen contaminados, contaminación que trasladan ao Río Lañas, afluente do Ulla.

**“HOUBO UNHA ETAPA POSTERIOR Á MINA QUE NON FOI MELLOR, CANDO A EMPRESA EXPLOTACIONES GALLEGAS SE FIXO COS TERREOS E ELIMINOU AS POUCAS MEDIDAS ANTICONTAMINACIÓN QUE EXISTÍAN”**

**Pero, houbo un proxecto de restauración posterior?**

Ese proxecto de restauración consistiu en traer residuos de todo tipo para a mina e plantar eucaliptos. Era máis ben un negocio para a empresa propietaria que cobra polos residuos que recibe. Recordo que na época Fraga, a corporación de Touro reuniuse co daquela concelleiro de Medio Ambiente, Carlos del Álamo, polo problema derivado do traslado das cinzas de ENCE á mina. O concelleiro contestounos que traer as cinzas para Touro significaba converter un residuo nun recurso. Hoxe este señor é directivo de ENCE.

**Como se vivía o problema da mina no concello?**



A mina sempre foi un problema. Nós sempre defendemos unha rehabilitación integral e nos opuxemos a que se convertera nun macrovertedoiro, era unha das nosas preocupacións maiores. Todos os anos facíamos propostas tanto nos orzamentos da Xunta como do estado para a súa restauración, sen ningunha resposta.

Cando levábase o tema ao pleno do concello, observábase como o alcalde se vía desbordado por este problema. Non tiña obxección en darnos a razón en privado, e ás veces até aprobaba as nosas

mocións, pero cando tiña que actuar non o facía, non sei se por falta de interese, de valentía ou por outras razóns que se me escapan.

**Como vés o novo proxecto?**

Unha barbaridade. Que nos queiran vender que a solución a unha mina é outra mina non o cre ningún. Ademais resulta curioso que nos digan que os terreos da antiga explotación se están recuperando coas actuacións que están facendo e ao mesmo tempo que só cun novo proxecto se vai poder restaurar a mina. Eles mesmos se contradín.

Xan Louzao é membro da xunta directiva de ADEGA e da plataforma Mina Touro O Pino Non.

Xosé A. Puga Moruja, veciño da parroquia de Loxo, é ex-concalleiro na corporación municipal de Touro polo BNG.